



Expediente núm.: 2052/2024

Actividade: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

Asunto: ORDE do 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2024

Obra/servizo subvencionado: Obradoiro dual de emprego Ourense Metropolitano

Categoría profesional: Director/a

RESOLUCIÓN DE ALCALDIA

ASUNTO: Aprobación lista definitiva proposta polo Tribunal Cualificador e contratación de aspirantes que superaron o proceso selectivo "Obradoiro dual de emprego Ourense Metropolitano 2024", na categoría profesional de **Director/a**.

Visto o expediente tramitado para a selección de persoal laboral temporal no Concello do Pereiro de Aguiar, de (1) director/a para a obra / servizo "Obradoiro dual de emprego Ourense Metropolitano", cuxas bases foron aprobadas o 04.10.2024 por Resolución de Alcaldía núm. 2024 - 0879 co asunto "Avocación de competencias e aprobación das bases de selección de persoal laboral temporal: Obradoiro dual de emprego Ourense Metropolitano 2024 (Director/a)", e posteriormente publicadas na sede electrónica deste Concello do Pereiro de Aguiar [<http://concellopereiro.sedelectronica.gal>], na súa páxina web (www.concellopereiro.com) e no taboleiro de anuncios da oficina de emprego de Ourense – A Ponte con data do 09 de outubro de 2024.

Vista a proposta do Tribunal cualificador das probas e de acordo coa orde de puntuación obtida no referido proceso selectivo.

Vista a conformidade dada pola xefatura territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, unha vez verificados os requisitos dos candidatos/as propostos/as para poder participar no proxecto "Obradoiro dual de emprego Ourense Metropolitano".

De conformidade co establecido no artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e demais disposicións concordantes,

RESOLVO

Primeiro.- Aprobar a lista definitiva de aspirantes propostos polo Tribunal cualificador, que superaron as probas selectivas do proceso de selección de persoal laboral temporal de (1) director/a para a obra / servizo "Obradoiro dual de emprego Ourense Metropolitano", de acordo coa orde de puntuación obtida no dito proceso selectivo, para os efectos da súa contratación laboral temporal, cando as necesidades do Concello así o requiran.

Lista de aspirantes por orde de puntuación obtida:

Nº DE ORDE	APELIDOS E NOME	NIF aleatorio	PUNTUACIÓN TOTAL (Máx. 12,00 puntos)
------------	-----------------	---------------	--------------------------------------





CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

1	González Peña José	3*9*3*9*K	9,50
2	Plaza Martínez Tania	**73*1*4B	9,00
3	Gómez Quintela Eva María	3**15*3*N	8,25
4	Cañadas Rodríguez Delfín	**12*7*3G	7,00
5	Pérez Fernández Carlos	*4*8*2*5J	6,70
6	Fernández Pérez Aránzazu	***772*3C	4,00
7	Barreiros Rivera Alba	**46*0*6P	3,30

Segundo.- Contratar a seguinte aspirante proposta polo Tribunal cualificador para o posto de traballo de director/a do “Obradoiro dual de emprego Ourense Metropolitano”, de acordo coa orde de puntuación obtida no proceso selectivo:

Nº DE ORDE	APELIDOS E NOME	NIF aleatorio	PUNTUACIÓN TOTAL (Máx. 12,00 puntos)
1	González Peña José	3*9*3*9*K	9,50

Terceiro.- Contratar na categoría profesional de “director/a” á antedita aspirante para o período comprendido entre o 02 de decembro de 2024 e o 01 de decembro de 2025, para a obra / servizo “Obradoiro dual de emprego Ourense Metropolitano” segundo a subvención recibida ao abeiro da ORDE do 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2024.

Cuarto.- Formalizar o contrato de traballo na modalidade de contrato de traballo temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral (modelo 405), segundo o artigo 15 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto dos traballadores, e o artigo 2 do Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro polo que se desenvolve o artigo 15 do estatuto dos traballadores en materia de contratos de duración determinada, en réxime de dedicación a tempo completo.

Quinto.- Formalizado o contrato, comunicar á oficina pública de emprego que corresponda, no prazo do dez días seguintes á súa concertación.

Sexto.- Informar á representación legal dos/as traballadores/as, mediante entrega dunha copia básica dos contratos celebrados.

Sétimo.- A quenda de reserva queda establecida pola seguinte orde de puntuación, conforme ao disposto no artigo 11 das Bases que foron aprobadas o 04.10.2024 por Resolución de Alcaldía núm. 2024 - 0879 co asunto “Avocación de competencias e aprobación das bases de selección de persoal laboral temporal: Obradoiro dual de emprego Ourense Metropolitano 2024 (Director/a)”, e posteriormente publicadas na sede electrónica deste Concello do Pereiro de Aguiar [<http://concellopereiro.sedelectronica.gal>], na súa páxina web (www.concellopereiro.com) e no taboleiro de anuncios da oficina de emprego de Ourense – A Ponte con data do 09 de outubro de 2024:





CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

Nº DE ORDE	APELIDOS E NOME	NIF aleatorio	PUNTUACIÓN TOTAL (Máx. 12,00 puntos)
1	Plaza Martínez Tania	**73*1*4B	9,00
2	Gómez Quintela Eva María	3**15*3*N	8,25
3	Cañadas Rodríguez Delfín	**12*7*3G	7,00
4	Pérez Fernández Carlos	*4*8*2*5J	6,70
5	Fernández Pérez Aránzazu	***772*3C	4,00
6	Barreiros Rivera Alba	**46*0*6P	3,30

Oitavo.- Publicar a presente Resolución na sede electrónica deste Concello do Pereiro de Aguiar [<http://concellopereiro.sedelectronica.gal>] e na súa páxina web (www.concellopereiro.com).

Noveno.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno do Concello e (no seu caso) á Xunta de Goberno Local, na primeira sesión que celebren.

Décimo.- Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados/as interpoñer, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte á recepción desta notificación, ante a Alcaldía deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas - LPACAP-, ou recurso contencioso - administrativo, ante os Xulgados do Contencioso - Administrativo de Ourense no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso - Administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso - administrativo ata que aquel sexa resolvido expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Así mesmo, poderá exercitar calquera outro recurso que considere pertinente.

Así o acorda o Sr. alcalde, D. Luís Menor Pérez, no Pereiro de Aguiar; do que como secretario – Interventor dou fe aos exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 e) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O Alcalde,
Luís Menor Pérez

O Secretario – Interventor,
Alejandro Martínez Sánchez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

